

ELASnaRiA

Premio Proxecta de Innovación Educativa 2016

-Paisaxe e Sustentabilidade

-Donas de si

Categoría B: IES CASTELAO, Rúa Aragón, 22-36.206 Vigo (Pontevedra) Tel: 986.274.050

• Índice

- 3
 - Distinción
 - Traxectoria e participación
- 4
 - Contribución dos proxectos ao desenvolvemento das competencias clave.
- 6
 - Descrición dos proxectos que se consideren máis salientables
 - Enumeración dos proxectos
- 7
 - Descrición de cada proxecto
 - 01-Angeles Albariño 02-Esqueletas 03-25-N
 - 9 04-colcha solidaria
 - 10 05-nadal en A 06-paseo Bouzas-Alcabre
 - 11 07-proxecto ELAS Artistas
 - 12 08-8-M 09-Arbores
 - 13 10-O ollo esquerdo de Castelao 11-danza
 - 14 12-paneis programa Irene 13-paseo Porto de Vigo 14-charlas ELASnaRÍA
 - 16 15-paseo San Simón 16-curtas ELASnaRÍA
 - 17 17-contos ELASnaRÍA 18-paseo Casco Vello en A 19-paseo Costa da Vela
 - 18 20-murais ximnasio
 - 20 21-ELAS Activistas 22-Anatomía en feminino 23-As paisaxes da Ría
 - 21 24-Roteiros na Ría
 - 22 25-tapiz ELASnaRÍA 26-elas no IIM 27-chanzo a chanzo 28-ELAS no Land Art
 - 23 29-A Land Art 30-iconografía en feminino 31-proxecto Pagus
 - 24 32-proxecto Lixo 33-proxecto ELAS Mariscadoras 34-proxecto camisetaAs
 - 25 35-proxecto cociña para soles 36-paseo Cangas Masso
 - 37-Nancy Holt: Sun Tunnels 38-biodiversidade na Ría
 - 26 39-paseo Illas Cíes 40-expo ELASnaRÍA
- 27
 - Contexto.
- 28
 - Profesorado implicado.
- 29
 - Aprendizaxe activa.
 - Transcendencia.
 - Produto final.
- 30
 - Avaliación.
 - Impacto.
- 31
 - Valoración da práctica docente.
 - Liñas de mellora.

- Distinción

ELASnaRÍA é un proxecto interdisciplinar que tenta basicamente facer consciente ó alumnado do seu papel activo na súa propia educación a través do que lles rodea: os espazos e as problemáticas sociais.

Proxuxemos así a inclusión en dúas das liñas do plan Proxecta:



-Paisaxe e Sustentabilidade, onde escolliamos como unidade paisaxística a Ría de Vigo, próxima a nós e un referente en varios niveis: o productivo, o científico, o literario, o ambiental, e paisaxístico nun sentido amplo da palabra, que evoca tamén unha unidade cultural.

-Donas de si, onde queremos tratar ás mulleres deste lugar como referente positivo na creación e conservación deste espazo, e empregar en xeral a visibilización da muller como o mellor medio de conseguir nivelar as diferenzas e problemáticas vencelladas ó xénero. Así conseguimos que dous proxectos en principio tan diferentes adquirisen unha nova dimensión e se apoiasen mutuamente, e por riba de todo a implicación e o cambio da ollada no noso alumnado, que se fixeron perceptivos ó que ata o momento era invisible para elas e eles. As Mulleres e a Ría xa forman parte do noso centro, conviven con nós a cotiá e mudaron en todas e todos o xeito de ollar e pensar.

- Traxectoria e participación

Este é o primeiro ano no que se desenvolve este proxecto no centro, e é o segundo no que participa o coordinador, que no curso pasado coordinou o proxecto “conxugando horizontes” que obtivo o primeiro premio de Paisaxe e Sustentabilidade no curso 2014/15 no IES San Tomé de Freixeiro (participaron catro profesores e oito grupos de 1º e 3º de ESO).

<http://conxugandohorizontes.blogspot.com.es>

podemos salientar o aumento de participantes tanto por parte do profesorado (8 profesores) como do alumnado (3º e 4º de ESO) e o interese de toda a comunidade educativa polos traballos realizados, onde incluso profesoras e profesores non implicadas no proxecto colaboraron puntualmente nalgunhas das actividades, e o mesmo coas alumnas e alumnos.





- Contribución dos proxectos ao desenvolvemento das competencias clave.

CCL Comunicación lingüística.

A comunicación lingüística e a comunicación visual son a maioría das veces complementarias. Son moitos os casos onde empregamos o paralelismo entre comunicación oral e escrita e comunicación visual para entender que existen unha serie de regras que nos axudan a descifrar os códigos necesarios para que a comunicación exista, e entender que a comunicación visual e audiovisual son medios válidos e potentes para a interrelación humana, onde emitimos e recibimos mensaxes, e plantexar a necesidade de comprender os códigos para descifrar os significados.

Así a análise dos elementos xa existentes convértese nunha ferramenta moi útil para aprender estes códigos e logo podelos aplicar ós procesos de creación propios dos alumnos.

Por outra banda a capacidade gráfica da comunicación escrita tamén se traballa, tanto dende a perspectiva gráfica do deseño (fontes e tipografías) como da potencia das mensaxes escritas e a súa aparencia visual.

No referente ó uso das linguas, os proxectos pretenden ser abertos a todos os medios de expresión e neste eido debe ter a mesma postura, valorando por igual o noso patrimonio material e inmaterial.

Outro dos obxectivos fundamentais será o de adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica das materias implicadas a través das actividades prácticas, que axudan ó alumnado a poñer en uso o aprendido.

Débase valorar a importancia da linguaxe visual e plástica, a oral, a escrita e a xestual como medios de expresión e comunicación que contribúen ó coñecemento persoal e interpersonal. Tamén se debe fomentar o uso destas facetas das linguaxes buscando o modo máis persoal e expresivo de comunicar, e polo tanto do autoconñecemento.

CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A base xeométrica que ten case calquera expresión visual é evidente e queda reflectida na parte do temario máis técnica, pero do mesmo xeito tamén se aplican conceptos matemáticos cada vez que se desenvolve un traballo práctico en calquera aspecto das artes plásticas: conceptos de proporción, tamaño e escala son comúns na maioría deles, así como a aplicación do coñecemento científico tanto nos temas coma nos materiais. Do mesmo xeito potenciase un uso consciente e respectuoso dos materiais, introducindo sempre conceptos de sostibilidade e reciclaxe.

As referencias ós funcionamentos dos ecosistemas e os seus equilibrios son constantes, a bioloxía axúdanos a entender a base científica destes ecosistemas e paisaxes.

CD Competencia dixital.

O uso cada vez máis estendido das tecnoloxías dixitais nas aulas é un referente para os alumnos, tal vez por detrás das capacidades que a tecnoloxía nos ofrece, tanto por cuestión de medios como de formación. Empréganse cada vez máis os recursos dixitais na aula para a presentación de contidos e a pesquisa de información. Precisaríanse máis medios para

que tamén entrase no proceso de produción de traballos, sobre todo no contacto co mundo audiovisual. Parece moi útil o emprego dos móbiles dos propios alumnos para este tipo de traballos, xa que resultan ser ferramentas moi axeitadas, e por outra banda axuda ós alumnos a descubrir outros usos positivos e construtivos dun medio tecnolóxico que teñen ó seu alcance. Neste eido comezamos agora a romper barreiras.

CAA Aprender a aprender.

En todos os procesos creadores hai un camiño de aprendizaxe exploratoria, onde son os propios alumnos os que buscan e empregan recursos axeitados para as súas realizacións. O proceso creativo ten en todas as súas facetas esa busca aberta de procedementos e métodos nos que os alumnos deben sentirse unha parte activa.

Débese coidar en especial o saber enfrontarse ós erros cunha visión positiva, construtiva, na experimentación cada erro é un paso cara adiante, sen erro non existe a aprendizaxe significativa.

Unha das claves da aprendizaxe é a de saber delegar responsabilidades no alumnado e fundamentalmente ensinar a ver e analizar, sacar conclusións, propor e tomar decisións.

CSC Competencias sociais e cívicas.

Na medida en que a realización de proxectos supoña un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuírase á adquisición de habilidades sociais. Por outra banda, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual, que provocan o pensamento creativo e a expresión de emocións, vivencias e ideas, proporciona experiencias directamente relacionadas coa diversidade de respostas ante un mesmo estímulo e a aceptación das diferencias. Para toda a área plantéxase un bloque transversal de coñecementos, que abrangue elementos coma fomento do traballo cooperativo, respecto polo medio ambiente, a planificación do proceso creativo, o respecto polo traballo dos demais, o recoñecemento do diálogo como vehículo de consenso e o uso das novas tecnoloxías cun sentido ético.

CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Na proposta de traballos debe dársele sempre ós alumnos un papel activo para intentar facerlles sentir axentes do que van a realizar, que se identifiquen e relacionen coas propias vivencias e experiencias. Fomentarase o desenrolo de estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e de avaliación de resultados. Todo este proceso, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica fomentan a iniciativa e autonomía persoal e o espírito emprendedor.

CCEC Conciencia e expresións culturais.

A expresión creativa de ideas, experiencias e emocións a través das artes gráfico-plásticas, visuais e audiovisuais, dan importancia ós valores estéticos, ás habilidades de cooperación, e ó uso de técnicas e recursos das linguaxes artísticas. Tamén se traballa a habilidade para comparar as opinións creativas e as manifestacións artísticas dun mesmo e dos demais, fomentando o espírito crítico, unha actitude aberta e respectuosa, a creatividade e o interese por participar na vida cultural dentro e fóra do recinto escolar así como por cultivar as propias capacidades estéticas, coa expresión artística.

Ten grande relevancia nesta área o estudo das manifestacións artísticas, a súa apreciación e disfrute, así como a toma de conciencia da importancia da herdanza cultural en artes plásticas, fotografía, cine, vídeo-creación. Unha actitude aberta á diversidade de manifestacións da expresión cultural e artística, axudará a comprender a cultura propia, a respectar o noso patrimonio e a ter un sentimento de identidade.

Este traballo pódese extender ó resto das materias de creación. A escrita debe converterse na ferramenta de creación persoal, e a música o son que acompañe as nosas vivencias.

• Descripción dos proxectos que se consideren máis salientables:

– Enumeración dos proxectos.

01-Angeles Albariño

02-Esqueletas

03-25-N

04-colcha solidaria

05-nadal en A

06-paseo Bouzas-Alcabre

07-proxecto ELAS Artistas

08-8-M

09-Arbores

10-O ollo esquerdo de Castelao

11-danza

12-paneis programa Irene

13-paseo Porto de Vigo

14-charlas ELASnaRÍA

15-paseo San Simón

16-curtas ELASnaRÍA

17-contos ELASnaRÍA

18-paseo Casco Vello en A

19-paseo Costa da Vela

20-murais ximnasio

21-ELAS Activistas

22-Anatomía en feminino

23-As paisaxes da Ría

24-Roteiros na Ría

25-tapiz ELASnaRÍA

26-elas no IIM

27-chanzo a chanzo

28-ELAS no Land Art

29-A Land Art

30-iconografía en feminino

31-proxecto Pagus

32-proxecto Lixo

33-proxecto ELAS Mariscadoras

34-proxecto camisetaAs

35-proxecto cociña para soles

36-paseo Cangas Masso

37-Nancy Holt: Sun Tunnels

38-biodiversidade na Ría

39-paseo Illas Cíes

40-expo ELASnaRÍA



– Descripción de cada proxecto:



01-Ángeles Albariño

ENLACE [blog](#)

para inaugurar este proxecto sobre mulleres na contorna da Ría de Vigo visitamos a Fundación Barrié, onde nos falaron sobre a biografía de Ángeles Alvariño, bióloga e oceanógrafa á que se adica o día da ciencia en Galicia neste ano 2015.


A súa estadía en Vigo é breve: en 1952 consegue por oposición unha praza de oceanógrafa no Instituto Español de Oceanografía de Vigo, onde solicita unha bolsa do British Council para realizar unha investigación sobre plancto no Plymouth Marine Laboratory, onde colaborará con Sir Frederick Stratten Russell.

Na visita faláronnos da súa biografía e experimentamos sobre as

cualidades da H₂O.

Esta primeira visita realízase cos profesores Pablo Sanmartín Puértolas e Manon Funes Hurlé do departamento de Bioloxía, e comeza a observar a existencia de mulleres relevantes do ámbito científico.

O obxectivo cara ós alumnos é dobre: visibilizar a importancia da investigación para os avances no coñecemento do mundo mariño e normalizar nel a existencia de mulleres.



02-Esqueletas

ENLACE [blog](#)

este traballo xorde dunha colaboración coas actividades complementarias e extraescolares do centro. Pablo, o profesor de bioloxía encargado da montaxe do túnel do medo para o Samaín, pediunos axuda e ocorréusenos aproveitar para comezar co tema de anatomía e debuxar esqueletos. o primeiro que acontece é que buscando esqueletos sempre aparece como modelo o corpo masculino, hai que buscar un pouco máis para atopar o modelo feminino e tamén as diferenzas entrambos.

Afondamos no estudo e reprodución a escala natural da estrutura humana e as diferenzas.



03-25-N

ENLACE [blog](#)

o 25 de Novembro é a data contra a violencia de xénero.

Realizamos varias actividades, xa que é un tema que nos afecta directamente e axuda a visibilizar as diferenzas das que aínda hoxe as mulleres son vítimas.

Atopamos moita información sobre estatísticas dos casos de violencia en páxinas como o portal estatístico da delegación do goberno para a violencia de xénero, e outras referencias de datos non oficiais como o listado de feminicidios, onde aparecen máis

casos en relación a esta problemática social, incluso cun mapa de casos por comunidades e lugares. O claro de todo este asunto é que este problema que ten orixe nos estereotipos de roles de xénero precisa ser tratado tamén dende o espazo educativo, e nel compartimos actividades, accións e lecturas para visibilizar a situación e reflexionar sobre ela mesmo na contorna máis próxima.




Lemos na aula un artigo moi interesante: "violencia de género y amor romántico" que trata de observar con espírito crítico os estereotipos na conquista e as relacións de poder ou dominación que xurden.

En positivo, podemos visitar a páxina da marcha mundial das mulleres, que recolle a acción de diversas entidades que traballan para a igualdade, e onde aparece a carta mundial das mulleres para a humanidade.

- Vimos na aula de plástica unha reportaxe sobre a violencia de xénero na adolescencia titulada "aprendiendo a querer"
- O alumnado fixo propostas para un cartel que se instalou na rúa do Príncipe con motivo desta reivindicación, e que logo vimos exposto.

O 22-N...xa está o cartel exposto na rúa do Príncipe, o mércores fumos velo en directo!






04-colcha solidaria

ENLACE [blog](#)

comezamos a coser -----

estas puntadas que estamos a dar queren ter un significado de unión, de colaboración, de respecto e valoración dos traballos artesanais feitos tradicionalmente por mulleres, e que hoxe xa podemos compartir todas e todos cunha mentalidade máis aberta e de superación de prexuízos de xénero. Coser non evitará os casos de violencia machista, pero axuda a coñecermonos mellor e respectarnos, e ese parece o camiño...



Esta actividade amplíase tamén á sala de profesores, onde de xeito voluntario e casual nos ratos libres profesoras e profesores tamén contribuíron cosendo.



Xa rematada, a colcha acompañounos na xornada do 25-M e logo estivo exposta en diferentes espazos e diferentes datas do centro.

05-nadal en A

ENLACE [blog](#)

No Nadal a tradición de que Papá Noel, o Apalpador ou os Reis Magos nos traian presentes converte esta época nunha das de maior consumo do ano, polo que propuxemos como traballo para os grupos de 4ºESO a reciclaxe de xoguetes, a elaboración propia de regalos e a busca de novas figuras femininas na tradición dos regalos de nadal.

Traballamos ó mesmo tempo o volume, a iconografía, a análise das mensaxes publicitarias, e as propostas alternativas. Apreciamos na publicidade máis abundante das datas, os perfumes e augas de colonia, cómo existe un sesgo de xénero, presentando case sempre unha figura feminina fráxil e delicada e unha figura masculina forte e loitadora.



Os alumnos de 4ºC fixeron regalos alterrenativos sen custe e con significado.

Propuxemos en 4ºA a reciclaxe de xoguetes para darles ademáis novos significados, solidarios e cunha nova ollada sobre xogos e xoguetes non sexistas.



Expuxemos as figuras femininas de nadal, creadas e descritas polas alumnas de 4ºB.



06-paseo Bouzas-Alcabre

ENLACE [blog](#)



O 17 de decembro realizamos un roteiro por unha parte da beira da ría de Vigo, dentro do límite municipal da cidade. Comezamos dende Bouzas, onde visitamos o IIM (Instituto de Investigacións Mariñas), ali traballadoras deste centro amosáronos parte do seu traballo e conseguimos facer unha breve entrevista con elas. O grupo C mentres visitou o edificio da Zona Franca de Vigo, onde nos

explicaron as actividades que se desenvolven nesta área e as condicións arancelarias especiais do tráfico de mercancías.

Logo da primeira visita fixemos un percorrido pola costa, partindo da praia do Adro, fronte a igrexa de S. Miguel de Bouzas, percorrendo a fronte marítima da antiga Vila de Bouzas, pasando por debaixo da ponte que conecta co recheo portuario e percorrendo as praias de Carril, Sta Baia e o Cocho, ata chegar ó museo do Mar. Neste percorrido recollimos dos areais restos de materiais plásticos que chegan de voltos do mar, co que faremos algun

traballo de análise e reciclaxe.



No Museo do Mar fixemos un breve percorrido en grupos polas exposicións do museo, mentres visitabamos por turno o acuario de especies mariñas da ría.

Este foi o primeiro contacto directo coas paisaxes que xenera a ría, centrando a nosa atención tanto nos espazos produtivos como os ecolóxicos e culturais.



07-proxecto ELAS Artistas

ENLACE [blog](#)

Fixemos un traballo sobre mulleres artistas no eido das artes plásticas.

A finalidade é visibilizar o traballo destas mulleres e constatar a desigualdade da súa presenza respecto dos seus compañeiros.

Atopamos un artigo moi interesante da revista píkara sobre a presenza das mulleres nas exposicións artísticas.

Cada quen escolleu unha artista do eido internacional e outra do eido galego.

Non se trata de facer un traballo moi extenso, si de ler moito, anotar os datos importantes e redactar cadaquén un pequeno texto en galego que nos resuma a súa biografía, o traballo e analizar entre tres e cinco obras (datos da obra: título, data, técnica, dimensións e localización) dende os aspectos formais e técnicos (cor, luz, composición, estilo) ata os expresivos (temática, simboloxía, interpretación).

Algúns enlaces onde atopar referencias para a escolla das autoras:

Artistas internacionais:

[PAC](#) plataforma de arte contemporáneo: festival miradas de mujeres

[art discover](#) artistas de arte contemporáneo

[enfemenino](#) las mujeres más influyentes del mundo del arte

[El País](#) los museos las prefieren monas

[Pintura y artistas](#) mujeres pintoras de la historia

[Generando Arte](#) permitido indagar

[Guerrilagirls](#) reinventing the F word

Artistas galegas:

[Pintores de Galicia](#) wikipedia

[Pintores de Galicia](#) galipedia

[Cultura galega](#) mulleres e artes visuais (no final da web hai unha listaxe de enlaces)

[Cultura galega](#) mulleres e arte



08-8-M

ENLACE [blog](#)

O 8 de marzo adícase ó día da muller traballadora, celebrado dende 1914 en conmemoración dunha marcha de mulleres no 8 de marzo de 1908, na que reclamaban os seus dereitos como mulleres traballadoras co lema "pan e rosas".(historia)

Imos celebrar este día no noso centro cunha exposición, onde faremos homenaxe ás mulleres que son un referente para nós,

coñecidas ou anónimas, así que ide escollendo ás vosas referentes. (faremos unha listaxe para que non se repitan)

Con esta premisa alumnas e alumnos escolleron as súas referentes, resumiron as súas biografías e maquetáronas cun deseño común. A imaxe de cada muller enmárcase nun perímetro circular, como referencia a outras xeometrías cun novo significado.

O departamento de inglés colaborou a través do traballo da profesora Eugenia Mariñas na selección e redacción en inglés dalgunhas das mulleres escollidas.

09-Árbores

ENLACE [blog](#)

Un acontecemento fortuito, a tala duns chopos no recinto do centro que naceran de modo espontáneo e con perigo de derribo, ofreceunos un material gratuito que nos acompañou durante todo o curso. Aproveitamos para ler un conto sobre o tema: a árbore generosa (en lingua portuguesa) que fala da amizade entre un neno e unha árbore e analiza todo o que a natureza nos regala.

Este foi o punto de partida, onde os tocos entraron no edificio converténdose en obxectos artísticos, reubicados a cada pouco e interaccionando coas persoas, buscando unha nova mirada. Agora mesmo son parte xa da comunidade. Serviron de elementos de apoio, escenario, reflexión, e criaron un vínculo.



10-O olho esquerdo de Castelao [ENLACE blog](#)

Cúmprense 130 anos do nacemento de Castelao, e unindo isto ao proxecto de posta en valor da muller que estamos levando a cabo no instituto dentro do Plan Proxecta, fixemos gravados con matriz de acetato sobre papel, co alumnado de terceiro da ESO, escollendo na faceta de debuxante de Castelao as obras que representan mulleres.



A montaxe fixémosla aproveitando as caixas de embalaxe das pantallas dixitais do centro.

E cada gravado vai nun marco cadrado con outro cartón detrás, o que lle dá volumen respecto do fondo.

Debaixo un recadro co texto da viñeta.

A composición dos gravados fixémosla formando outro cadrado.

O alumnado de primeiro de bacharelato fixo un traballo de homotecia co olho esquerdo de Castelao, simbolizando a mirada creativa desenvolvida polo hemisferio dereito e captada polo olho esquerdo.



11-danza [ENLACE blog](#)

Unha das partes da programación da educación física comprende a expresión corporal e danza, a profesora Susana Piñeiro permitiunos entrar na súa aula e presentar unha nova percepción da danza contemporánea, e máis importante aínda do noso corpo. Logo os alumnos realizaron as súas propias coreografías.

Realizamos tamén accións a medio camiño entre danza, expresión corporal e performance nas que había claras referencias ó feminino e ás paisaxes. Isto xenera tamén novas relacións de cooperación grupal e o respecto ós nosos corpos.



12-paneis programa Irene

ENLACE [blog](#)

Chegou tamén ó noso centro a exposición itinerante sobre violencia sexual na mocidade, coordinado pola concellería de igualdade, que permitiu ós nosos alumnos incidir nesta problemática que lles afecta directamente e non sempre son quen de identificar.

A profesora de Valores Éticos Cristina Barrio acompañou ós seus alumnos na análise que propón a exposición.

<http://enlazavigo2015.blogspot.com.es/p/exposicion-itinerante.html>

13-paseo Porto de Vigo

ENLACE [blog](#)

O Porto de Vigo representa un dos sectores produtivos principais da cidade, e un exemplo do que a ría nos permite: comunicacións e transporte de mercancías, explotación pesqueira, armadoras e empresas derivadas.

A nosa visita permitiunos decatarnos da escala deste porto, das súas dimensións e distribución na fronte marítima da cidade.



Decatámonos da escasa presenza de traballadoras en varios sectores do porto, conseguimos falar con algunha delas, e constatamos que a maior presenza é nos traballos de oficina e limpeza.

Tamén percibimos unha visión diferente de paisaxes marítimas que nos ofrecen os peiraos de pesca, asteleiros e áreas industriais, que sorprenden pola súa escala.

14-charlas ELASnaRÍA

ENLACE [blog](#)



Outra proposta que plantexamos no centro foi a presenza de mulleres destacadas en diferentes áreas do coñecemento que podan servir de referente para o noso alumnado.

Organizamos unha serie de charlas para os diferentes grupos, de modo que entre eles compartisen a experiencia e interés impiden o menos posible a marcha académica.

Tentamos que fosen equilibradas e abranguesen diferentes eidos: a ciencia, a literatura, a filosofía e a creación artística.

Aproveitamos a ocasión para agradecer cun regalo simbólico a xenerosidade das participantes: un papel co selo do ollo esquerdo de Castelao asinado e adicado polas

alumnas e alumnos, e unha caixa deseñada por eles que contén unha pola das árbores. Tamén pensamos e suxerimos que para estes programas debería existir unha dotación económica para as charlas e os paseos.

Este foi o programa final:

-18 de abril, 3ªA: 17:30-18:20 (8ª) AULA 3ªA

Facéndonos Persoas

a ollada na educación pública de Virginia Calviño (profesora de filosofía no IES Ribeira do Louro)

-27 de abril, 3ªB: 11:50-13:55 (4ª-5ª) AULA 3ªB

Estudantes do IES Coia 2 en pé de igualdade,

Priscila Blanca Dani Himar e Sabina, coordinados por Mercedes Oliveira (profesora de Filosofía no IES Coia 2)

-29 de abril, 4ªA: 13:05-13:55 (5ª) AULA 4ªA

O poema inspira e respira,

Silvia Penas (escritora, gañadora do premio Avelina Valladares Núñez de poesía 2015, membro do proxecto cinta adhesiva)

-3 de maio, 3ªC: 11:50-12:40 (4ª) AULA DEBUXO

3ªB: 13:05-13:55 (5ª) AULA DEBUXO

Seica animamos

Xoana Santos e Estela Suárez, (artista plástica e filóloga, videocreadoras de SEICA)

-11 de maio, 4ªC: 11:00-11:50 (3ª) AULA DEBUXO

Detrás da cámara. A importancia do punto de vista na arte contemporánea,

A ollada de Carme Nogueira (artista plástica e profesora de debuxo no IES Castela)

-10 de maio, 4ªA,B,PDC: 11:00-14:45 (3ª-6ª)

a ollada das mulleres no Parque Nacional das Illas Atlánticas

Beatriz Gamallo (bióloga)

tamén se fará unha visita á biblioteca do centro de estudos feministas, unha actividade de debuxo ó aire libre e pola tarde visita á pinacoteca

-12 de maio, 4ªB,PDC,C: 11:50-12:40 (4ª) SALÓN DE ACTOS

Arquitectura e ría

na ollada de Guadalupe Piñera (arquitecta e profesora na ETSAC da Universidade da Coruña)

-19 de maio, 4ªB: 11:50-12:40 (4ª) AULA 4ªB

Poetas con A, O xénero na literatura

dende a ollada de Lara Do Ar (profesora de tradución e interpretación na Facultade de Tradución e Lingüística)



15-paseo San Simón

ENLACE [blog](#)



A Enseada de San Simón deunos a oportunidade de coñecer novos aspectos e valores da Ría de Vigo: visitamos a confraría de pescadores de Arcade, onde pudemos ver o traballo das mariscadoras e falar con elas na lonxa mentres descargaban ameixas e anguías. As alumnas Xulia Alonso e Silvia Mateos tiveron a sorte de embarcar con elas e filmar o seu traballo para logo montar un pequeno documental.

Aproveitamos tamén para recoller e clasificar lixo na praia do Peirao.

Pasamos pola praia de Cesantes, onde poidemos apreciar a frecha do areal, exemplo de tómbolo en formación, que case o une coa illa de San Simón.

Visitamos o Museo de Rande, situado nunha antiga fábrica de salazón, onde nos contaron a historia da fábrica e todo o que se relaciona con batalla de Rande, que nos serviu como excusa para coñecer mellor o fondo da Ría e un dos seus habitantes: o choco.

Visitamos tamén as Salinas de Ulló, en Vilaboa, onde fixemos un roteiro circular que nos permitiu contemplar o valor ecolóxico e paisaxístico desta enseada que está dentro da Rede Natura, o que transmite ó alumnado a necesidade de protección destes espazos.

Esta visita permitiunos ver exemplos de modelado costeiro: ademáis do tómbolo en formación, os propios areais e a sucesións dos ecosistemas na zona das Salinas, que foron moi útiles á hora de aplicalo nas clases teóricas.

16-curtas ELASnaRÍA

ENLACE [blog](#)



Aproveitando a inclusión no temario de Educación Plástica da linguaxe audiovisual propoñe ós alumnos de 4º de ESO realizar en grupos unha pequena produción audiovisual de arredor de 3 minutos coa temática de ELASnaRÍA, explícanse na aula os elementos básicos da linguaxe audiovisual co material que ofrece a web de Aturuxo Films <https://aturuxofilms.wordpress.com> e o visionado de diferentes curtametraxes para analizar recursos técnicos e mensaxes.

Fíxose un pequeno exercicio na aula co spot de [recoméndoches un libro](#), onde se lles propoñe escoller un libro que lles gustara escrito por unha muller.

Agora mesmo os alumnos están en proceso de creación, comenzando guiión e storyboard da curta.

17-contos ELASnaRÍA

ENLACE [blog](#)



Trátase de crear contos infantís ou xuvenís que conteñan mensaxes positivas respecto do xénero e as nosas paisaxes, de modo que a protagonista sexa de sexo feminino, humana ou animal, e o espazo onde transcurre a acción sexa a Ría de Vigo.

Primeiro analizamos as mensaxes sexistas dos contos tradicionais, onde as protagonistas case

sempre viven na espera do “príncipe azul”.

Logo vimos contos actuais, onde os estereotipos van variando cara unha protagonista máis activa e libre.

18-paseo Casco Vello en A

ENLACE [blog](#)



Está programada para o día 10 de maio unha visita ó casco vello de Vigo, onde percorrерemos as rúas e observaremos a rehabilitación de edificios e espazos públicos, facendo fincapé nas vistas cara a Ría de Vigo. Visitaremos o edificio Cambón, onde se sitúa o centro de interpretación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas. Ali a bióloga Beatriz Gamallo vai nos falar sobre a transcendencia de declarar as illas como Parque Nacional, e os valores naturais e paisaxísticos do conxunto.

O alumnado terá que facer un traballo sobre os valores do Parque, e os máis elaborados servirán como guía para a visita ás Illas Cíes en Xuño dos grupos de 1º e 2º de ESO, no que os alumnos de 4º farán de guías.

Tentaremos achegarnos ó centro de recursos feministas na Biblioteca Juan Compañel ubicada no edificio Ferro, deseñado polo arquitecto Jenaro de la Fuente.

A idea é rematar facendo debuxo do natural no exterior e visitar a Pinacoteca Francisco Fernández del Riego.

19-paseo Costa da Vela

ENLACE [blog](#)



Os departamentos de Bioloxía e Educación Física organizan para a segunda quincena de Maio un percorrido a pé pola Costa da Vela, a parte peninsular do Parque Nacional, visitando a Punta do Facho, Cabo Home e a praia de Melide.

Faranse actividades de fotografía de natureza e paisaxe e recollida de lixo nos areais.



20-murais ximnasio, novas paisaxes [ENLACE blog](#)



Este proxecto xurde como un encargo do departamento de Educación Física para mellorar o aspecto das paredes do ximnasio, un pouco deterioradas polo tempo e o uso. Era un empeño de Nacho (profesor de Educación Física)



que os alumnos se implicasen e colaborasen neste tipo de tarefas. Así que se trasladou á aula de debuxo técnico de 1º Bach no primeiro trimestre, aínda que se abriu como concurso para todo o IES. Foi unha oportunidade tamén para levantar planos do edificio, empregar tramas e mallas xeométricas, falar de xeometría e arte, explicar perspectiva cónica, traballar as escalas, as semellanzas.



Fíxose unha primeira exposición no centro para testar a percepción da comunidade educativa.



No segundo trimestre parece axeitado darlle unha segunda volta en grupos según as ideas de proposta. Aproveitábase a ocasión para o traballo en grupo, posta en común e acordos para mellorar e unificar as propostas.

Realizouse unha segunda exposición, na que un xurado conformado por alumnos de Debuxo Técnico de 2º de Bach e Roberto (o seu profesor), alleos ó proceso, escollen as dúas propostas para as paredes exterior e interior.

Casualmente a temática dos dous proxectos gañadores identifícase con motivos mariños, con que nos parecen unha oportunidade fantástica para integrar o proxecto dentro do plan de ELASnaRÍA. Son murais que amplían a percepción espacial e convirten unha entrada e un corredor nunha experiencia visual.

Deste modo, mentres na terceira avaliación se executa o mural cos equipos de traballo, estudamos de novo o deseño da figura humana que aparece no mural exterior, propoñendo que dita figura sexa representada por iconas femininas, ou cuns trazados que expresen

unha idea do corpo humano diferente dos estereotipos de representación do masculino como referente predominante.



Ainda que estes grupos de alumnos de 1º de Bach. non foran incluídos no proxecto global, foi alentador ver cómo se integraron nel, apoiando varias tarefas, como a creación do ollo esquerdo de Castelao, o deseño das caixas de cartón para os regalos das charlas, e sobre todo polo ambiente creado na execución dos murais do ximnasio, onde foron practicamente autónomos e foron quen de acadar capacidades que difícilmente se desenvolven na aula: responsabilidade, xenerosidade no tempo adicado, compromiso, apoio colectivo para acadar un obxectivo común, visión autocrítica, corrixir para mellorar, conexión con idea dos que deseñaron os murais, María Girón e Juan Guerrero, que demostraron saber organizar ás súas compañeiras e compañeiros e tansmitirlles a idea, de todos os que acudiron polas tardes e nos recreos para poder rematar. Para os profesores implicados: Nacho, Paloma e eu mesmo foi edificante velos traballar, organizarse, tomar decisións, reflexionar e materializar un proxecto que se espallou no tempo e cobrou por iso un significado maior.




21-ELAS Activistas

ENLACE [blog](#)

4ºA:

Grupo1: 23 Xoana Rodríguez
19 Carolina Marcos
16 Uxía Riveiro
06 Giorgia Arcidiacono
01 David Alonso



GR1-14-proxecto ELASACTIVSTAS: recompilar accións de colectivos feministas

O obxectivo para este grupo é informarse sobre accións de colectivos feministas en diferentes eidos, para visibilizar o esforzo por acadar termos de igualdade, nas artes plásticas, na literatura, nas ciencias, nos movementos sociais.

Buscaremos redes de información e destacaremos aqueles proxectos ou propostas que nos parezan máis interesantes.

<http://www.guerrillagirls.com/>

<http://ellascrean.com/>

<http://canalcultura.org/2014/11/09/70-peliculas-sobre-la-situacion-de-la-mujer-en-el-mundo/>

<http://www.feminismo.info/webgalego/>

<http://www.clasicasymodernas.org>

<https://www.latostadora.com/camisetas/feminista/>

22-Anatomía en feminino

ENLACE [blog](#)

4ºA:

Grupo2: 22 Andrea Porto
03 Paula Alonso
17 Lara Insua
24 Víctor Rodríguez
08 Oscar Camaño



GR2-21-proxecto ANATOMÍA EN FEMININO: analizar e representar o corpo humano feminino

partiremos das esculturas que temos na aula, encaixe e traballo a carbonciño con luces e sombras.

http://es.123rf.com/imagenes-de-archivo/anatomia_femenina.html

<https://www.youtube.com/watch?v=0RSLvEkhHIM>

<http://artistas6.blogspot.com.es/2013/09/como-trabajar-la-expresividad-en-las.html>

23-As paisaxes da Ría

ENLACE [blog](#)

4ºA:

Grupo3: 04 Yaiza Álvarez
18 Xiomara Leirós
10 Andrés Castro
11 Cristina de la Fuente
14 Anyelin Espinal



GR3-09-proxecto ASPAISAXESDARIA: buscar imaxes antigas e realizar imaxes actuais da ría de Vigo

trátase de identificar lugares característicos da ría de Vigo e identificalos no presente e no pasado, con cartografía e fotografías

<http://mapas.xunta.es/portada>

<http://visorgis.cmati.xunta.es/cdix/mapa.html>

<http://mapas.xunta.es/visores/basico/>
<http://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>
<http://mapadebolsillo.com/visor-de-ortofotos-aereas-de-espana-en-distintos-anos/>
<http://praza.gal/movements-sociais/11104/60-anos-do-voe-americano-asi-cambiou-galicia/>
<https://www.facebook.com/riadevigonet-301024223249294/#!/riadevigonet-301024223249294/?fref=ts>

24-Roteiros na Ría

ENLACE [blog](#)

4ºA:

Grupo4: 13 Ana Dosio
 07 Sandra Asensio
 15 Candela Fernández
 12 Nacho Deleón
 25 Alba Sánchez



GR4-10-proxecto ROTEIROSNARIA: deseñar roteiros polas beiras da ría indicando lugares de interés

tentaremos reproducir en **Google Earth** os percorridos que fixemos e deseñar outros que podamos facer:

-Bouzas-Alcabre

<http://www.iim.csic.es/>

<http://museodomar.xunta.es/gl>

-Porto de Vigo

<http://www.apvigo.com/>

-Enseada de San Simón

museo de Rande:

<http://www.galiciamaxica.eu/Sitios/PONTEVEDRA/redondela/museorande.html>

<https://gl.wikipedia.org/wiki/MEIRANDE>

<http://www.visitourwork.com/es/content/todas-las-categorias-patrimonio-industrial-worked-etnografia/meirande-centro-de>

cofradía de pescadores de Arcade:

<http://cofradiaarcade.org/index-gl.html>

salinas de Vilaboa:

http://www.vilaboa.org/rutas_cast.html

<http://ana-geo.blogspot.com.es/2011/08/salinas-de-ullo-vilaboa-pontevedra.html>

<http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/167>

-Costa da Vela

-Illas Cíes

-Moaña-Cangas

-Areais do Morrazo

-Vila e illa de Toralla

-Monteferro-río Miñor

-Río Miño-Océano Atlántico: A Guarda



25-tapiz ELASnaRÍA

ENLACE [blog](#)

GR5-6-8-08-proxecto TAPIZ: realizar unha colcha de patchwork coa silueta da ría de Vigo. Tentamos reproducir o traballo de costura e enlazalo coa cartografía e o cambio de escala.

4ºA: Grupo5:	4ºB: Grupo6:	4ºC: Grupo8:
09 María Carrera	06 Carla Otero	17 Adán González
20 Silvia Mateos	04 Raquel Gil	28 Alessandra dos Santos
05 Denisa Arama	03 Noa Cuntín	07 Zaida Cabaleiro
02 Julia Alonso		01 Daniel Alba
21 Keivin Matos		16 Laura González

26-elas no IIM

ENLACE [blog](#)

4ºB: 2

Grupo6-7 10 Aldara Vázquez
 07 Laura Pérez
 09 Rosalía Pumares



GR6-7-30-proxecto ELASnoIIM: mulleres traballando no Instituto de Investigacións Mariñas

27-chanzo a chanzo

ENLACE [blog](#)

4ºB: 2

Grupo7: 05 Tamara Lugo
 01 Ana Abril
 08 María Pomar



GR7-10-proxecto CHANZOaCHANZO: instalación de textos sobre mulleres e igualdade nos chanzos do IES

28-ELAS no Land Art

ENLACE [blog](#)

4ºC: 5

Grupo11: 06 Diana Cabada
 18 David Graña
 02 Javier Álvarez
 20 Mara Matos
 11 Benjamín Costas



GR11-24-proxecto ELASLANDART: analizar artistas e obras de land art en feminino (relación co pr14)

https://en.m.wikipedia.org/wiki/Alice_Aycock <http://www.aaycock.com>

https://en.m.wikipedia.org/wiki/Agnes_Denes <http://www.agnesdenesstudio.com>

https://en.m.wikipedia.org/wiki/Nancy_Holt <http://www.nancyholt.com>

https://en.m.wikipedia.org/wiki/Patricia_Johanson <http://patriciajohanson.com>

https://en.m.wikipedia.org/wiki/Mary_Miss <http://www.marymis.com>

29-A Land Art

ENLACE [blog](#)

4°C: 5

Grupo9: 23 Noemí Pérez
30 Yeray Valiño
19 Ondina da Floresta
09 Lucía Cid




GR9-25-proxecto A LAND ART: proxectar e crear unha obra de land art no IES coas ramas da poda (relación cos pr 14 e 15)

30-iconografía en feminino

ENLACE [blog](#)

4°C: 5

Grupo10: 22 Adriel Pereira
29 Candela Seoane
21 Georgina Oliveira
26 Ainoa da Rocha



GR10-23-proxecto ICONOGRAFÍA EN FEMININO: analizar as formas representativas de xénero

http://culturagalega.gal/album/detalle_especial.php?id=198

<http://www.psicogeometria.com/geometriasagrada12.6.html>

<https://sendasdeoku.wordpress.com/2015/09/30/la-imaginacion-lo-redondo-y-lo-curvo/>

<http://www.upsocl.com/diversidad/una-disenadora-resumio-todos-los-prejuicios-de-genero-en-15-pictogramas/>

<http://blog.axosoft.com/2015/05/20/it-was-never-a-dress/>

<https://books.google.es/books?id=9rZzr22mmp8C&pg=PA309&lpg=PA309&dq=iconograf%C3%ADa+femenina&source=bl&ots=L-IJznL9m&sig=e2c1PauivKbCHU3biabYnPbnRR0&hl=es&sa=X&ved=0ahUKEwj--JrmsOnLAhXLvhQKHcIRDgoQ6AEIXTAS#v=onepage&q=iconograf%C3%ADa%20femenina&f=false>

<http://www.ilustracionsantamaria.com/blog/giancarlo/>
<https://www.facebook.com/Iconografia.Feminista/>

31-proxecto Pagus

ENLACE [blog](#)

4°C: 5

Grupo12: 03 Uxía Arenas
10 Chanell Conde
05 Raquel Blanco
13 Edgar Fernández
14 Julián Flor

GR12-11-proxecto PAGUS: elaborar fichas de paisaxe de áreas da Ría de Vigo: detectar unidades paisaxísticas e describelas

<http://proxectoterra.coag.es/paisaxe/>

<http://mapas.xunta.es/portada>

<http://visorgis.cmati.xunta.es/cdix/mapa.html>

<http://mapas.xunta.es/visores/basico/>

<http://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>

<http://mapadebolsillo.com/visor-de-ortofotos-aereas-de-espana-en-distintos-anos/>

<http://praza.gal/movimentos-sociais/11104/60-anos-do-voo-americano-asi-cambiou-galicia/>



<https://www.facebook.com/riadevigonet-301024223249294#!/riadevigonet-301024223249294/?fref=ts>

unidades:

-Bouzas-Alcabre

<http://www.iim.csic.es/>

<http://museodomar.xunta.es/gl>

-Porto de Vigo

<http://www.apvigo.com/>

-Enseada de San Simón

museo de Rande:

<http://www.galiciamaxica.eu/Sitios/PONTEVEDRA/redondela/museorande.html>

<https://gl.wikipedia.org/wiki/MEIRANDE>

<http://www.visitourwork.com/es/content/todas-las-categorias-patrimonio-industrial-worked-etnografia/meirande-centro-de>

cofradía de pescadores de Arcade:

<http://cofradiaarcade.org/index-gl.html>

salinas de Vilaboa:

http://www.vilaboa.org/rutas_cast.html

<http://ana-geo.blogspot.com.es/2011/08/salinas-de-ullo-vilaboa-pontevedra.html>

<http://www.asociacionbuxa.com/patrimonio/detalle/167>

-Costa da Vela

-Illas Cíes

-Moaña-Cangas

-Areais do Morrazo

-Vila e illa de Toralla

-Monteferro-río Miñor

-Río Miño-Océano Atlántico: A Guarda

32-proxecto Lixo

ENLACE [blog](#)

Trataremos de facer compisicións cos elementos plásticos que recollamos nas praias para logo fotografalos ou escanealos. Formas, texturas e cores nos darán as pistas de cómo traballar.



33-proxecto ELAS Mariscadoras

ENLACE [blog](#)

Logo da visita a Arcade algunhas das alumnas que escolleron información van elaborar unha pequena reportaxe sobre o traballo destas mulleres.

34-proxecto camisetaAs

ENLACE [blog](#)

Plantexase o proxecto as alumnas e alumnos de 3º eso.

En primeira instancia teñen que escoller una muller que admiren, que sexa una referente nas súas vidas, e contar por que, seleccionar unha foto da súa cara, fotocopiala en branco e negro, e sobre esa fotocopia debuxar as illas dos diferentes grises, o negro e o branco, para logo traballar cunha gama de cores planas.

O resultado plasmarano nuha camiseta con pinturas de tea, ou con fio facendo puntadas, ou calquera outra técnica.



35-proxecto cociña para soles [ENLACE blog](#)

Desenvólvese este proxecto co alumnado de tecnoloxía de 4º eso B, en equipos de dous.

Fan unha cociña solar tipo Fun, con cartón, material aproveitado das caixas das pantallas dixitais do centro. O traballo obrígalles a interpretar planos e manexar escalas para pasalos ó seu proxecto real. Atópanse por sorpresa coas matemáticas, e ven así unha utilidade da teoría de Pitágoras para replantexar exactamente os ángulos.

A finalidade é constatar a realidade do funcionamento, facendo unha comida quente da súa elección.




36-paseo Cangas Masso [ENLACE blog](#)

Prevese para os últimos días de Xuño a visita en barco á Vila de Cangas, Porto e areais, como peche do proxecto para os alumnos de 4º ESO.




37-Nancy Holt: Sun Tunnels [ENLACE blog](#)



A obra da artista Nancy Holt titulada Sun Tunnels serviunos de referencia para analizar procesos artísticos de Land Art relacionados sempre coas paisaxes, tamén a aproveitamos para analizar xeometrías curvas, que plantexan outra ollada do mundo, o cilindro como prismático que encadra a realidade. Tamén nos serviu de figura referente para o estudo da perspectiva cónica. Analizamos diferentes puntos de vista da instalación e finalmente faremos exercicios de cor.

38-biodiversidade na Ría [ENLACE blog](#)

Os alumnos de 4º ESO que cursan a optativa de Bioloxía e Xeoloxía, coa profesora Manon, están a realizar un traballo sobre a biodiversidade nos ecosistemas relacionados coas rías, en grupos de dous, especializados en diferentes temáticas, e algúns centrados nos ecosistemas das Illas Cíes, que lles servirán de referencia para a guía posterior na visita que farán con 1º e 2º de ESO



39-paseo Illas Cíes

ENLACE [blog](#)

Organizarase a final de curso unha visita ás Illas Cíes, con alumnos de 1º e 2º de ESO con monitores de 4º de ESO, onde podrán en práctica o aprendido nas aulas e visitas anteriores.




40- expo ELASnaRÍA

ENLACE [blog](#)



Plantexamos para final de curso unha exposición no centro que resuma os traballos realizados ó longo do curso, para compartir con toda a comunidade as experiencias e aprendizaxes adquiridos.

O propio proceso de organización da exposición serve para os propios alumnos como reafirmación de todo o experimentado, e de valoración dos seus esforzos.



▪ Contexto.



O contexto físico e social é a base destes proxectos, unha das crencias fundamentais é a de que o alumnado aprende mellor cando traballa co que lles rodea, principalmente se somos quen de activar a mirada crítica.

Así o contexto social nos amosa unha realidade na que as desigualdades son patentes, e analizar as desigualdades de xénero cunha mirada construtiva da ferramentas ós raspaces para aplicar a todo tipo de desigualdades, empregando esa ollada crítica.

Do mesmo xeito a realidade física da nosa contorna nos da esa posibilidade de observar os espazos que habitamos de forma cotiá como paisaxes, lugares que analizar e intervir de modo construtivo. Mudar o concepto de Paisaxe como lugar idílico e ao mesmo tempo entender como a nosa ollada nos da a capacidade de percibir o sensacional no próximo.



- Profesorado implicado.

Ainda que o proxecto parte do departamento de Debuxo estendeuse en outros: os departamentos de Tecnoloxía, Educación Física, Bioloxía, Inglés, Filosofía e Música estiveron presentes en diferentes momentos e actividades. Cabe destacar que os departamentos de Lingua Galega e Lengua Española aínda que non estaban representados no proxecto tamén colaboraron e axudaron a facer visible esta nova ollada e este modo de traballar.



A intención é contaxiar a enerxía que produce o traballo por proxectos, e o problema principal é a falta de hábito e tempo físico para coordinarse entre as distintas materias.



-Paloma Romero Rodríguez, do departamento de Tecnoloxía e con horas de Plástica en 3º de ESO, foi unha peza fundamental no proxecto ó longo de todo curso, xa que se interesou e participou en todas as propostas dun xeito activo, sendo un soporte básico para que todo funcionase, creouse así unha enerxía de traballo que fixo que a aula de Debuxo se convertise no lugar de referencia para o alumnado, onde participaban de modo casual incluso nos recreos. Coordinou os proxectos da colcha solidaria, o ollo esquerdo de Castela, camiseta, cocíña para soles, e participou en todos os demais: as árbores, as saídas, os murais, regalándonos sempre a súa ollada curiosa.

-Nacho González Gómez, do departamento de Educación Física, propuxo a iniciativa de mellorar as paredes exterior e interior do ximnasio co mural, e xerou espazo e tempo para poder levalo a cabo. Tamén participa na planificación da saída á Costa da Vela.

-Susana Piñeiro Teijeiro, do departamento de Educación Física, ofreceunos espazo nas súas aulas para traballar a expresión corporal e un concepto aberto de danza performativa. Tamén participa na planificación da saída á Costa da Vela.

-María Elena Manon Funes Hurlé e Pablo Guillermo Samartín Biéznobas, do departamento de Bioloxía, introduciron na súa materia os ecosistemas da Ría e acompañaron ó alumnado de 4º nas saídas dos paseos de Alcobre e Arcade, a visita ó centro de interpretación das illas atlánticas. Os alumnos de 4º A e B realizan un traballo sobre biodiversidade nos ecosistemas da Ría con Manon e preparan os percorridos para a visita das Illas Cíes. Os alumnos de 4º PDC da titoría de Pablo fixeron unha reportaxe sobre as mulleres que traballan na praza de abastos do Calvario.

-María Cristina Barrio Suárez, do departamento de Filosofía, involucrou ás súas alumnas e alumnos de 3º ESO nos traballos de visibilización das mulleres, igualdade de xénero e violencia machista, participou na elaboración da exposición do 8M e está organizando

unhas charlas a partir da visita do alumnado do IES Alexandre Bóveda para espallar a súa mensaxe “estudantes do Coia 2 en pé de igualdade”.

-María Eugenia Mariñas Guimeráns, do departamento de Inglés, participou na elaboración das biografías de mulleres en inglés e no proxecto “plastic garbage” sobre residuos no mar, e acompañounos en varias saídas, colaborando nas actividades propostas.

-Ana Rubio Moratilla, do departamento de Música, participou con 4º ESO C na selección da música para as performances e a selección de mulleres músicas.

▪ Aprendizaxe activa.



Como se explicou na Competencia de Aprender a Aprender, deixar un papel protagonista ó alumnado provoca un cambio na súa actitude, é un proceso lento pero interesante para a súa evolución. Trátase de ceder responsabilidades e iniciativas nas tarefas individuais e grupais. O papel do profesor debe ser o de apoio, coordinación e crítica construtiva das tarefas que se

desenvolven. O obxectivo é despertar a ollada crítica, ofrecendo os medios para que sexan eles os protagonistas dos proxectos e se complementen no traballo en grupo e aprendan entre iguais nas tarefas individuais.

▪ Transcendencia.



Cada actividade realizada ten unha implicación coa contorna social a diferente escala, dende a ollada do alumnado transcendemos ás veces á implicación das familias no proceso educativo, nas saídas ó exterior visibilizamos a importancia da percepción dos espazos e a importancia da incorporación da muller como suxeito activo, nas colaboracións co concello e outros centros creamos lazos novos de intercambio de información e apoio, a visibilización do papel das entidades non

gubernamentais nas accións de solidariedade social fan que o alumnado se decate da posibilidade de ter un papel activo na mellora social.

Tamén se provoca o efecto espello, son estas entidades as que comezan a involucrarse na educación dos adolescentes, corresponsabilizándose da mesma e ampliando os límites onde só pais e mestres parecen ter responsabilidade na educación de rapazas e rapaces.

▪ Produto final.



-*na aula*: introducir un proxecto na programación varía sustancialmente a forma de traballar, a programación tradicional por temas convértese en transversal e ponse ó servizo das necesidades dos proxectos, polo tanto é importante que a selección dos mesmos sexa equilibrada para tocar todos os temas importantes plantexados nos contidos do curso. O proceso é máis lento, pero os resultados melloran, xa que estamos alicando o que aprendemos a algo que vai producir un resultado

tanxible.

-*no centro*: que os traballos saian fóra da aula e sexan expostos no centro produce no alumnado un dobre efecto: os que o realizan vense recompensados polo seu esforzo, e os que o ven aprenden dos seus iguais e fanse partícipes destes traballos.

Tamén fai que se responsabilicen máis das instalacións e que vexan a posibilidade de mellorar o lugar onde traballan a diario.

O profesorado ten que tentar dar os espazos e tempos para a realización, pero a execución debe deixarse ó alumnado, servindo só de axuda, consello e recomendacións na execución. Fomentando a autonomía e a responsabilidade.

-*nos paseos*: observar en directo as cousas das que se fala na aula nos da unha proxección maior e comeza a rachar barreiras entre o académico e o real, é importante en moitos casos constatar estas realidades para formar persoas responsables dos espazos que habitan e das problemáticas sociais que xurden.

-*nas charlas*: recibir persoas de fóra do centro fai ó alumnado abrir novas olladas ó mundo, entender a existencia doutras realidades, conectar con outras sensibilidades. Tamén implica unha aprendizaxe no modo de actuar nos espazos de cultura e coñecemento, participando dun modo activo.



▪ Avaliación.



Existen dúas escalas ás que avaliar os proxectos: unha é o resultado obtido en cada un deles, facendo unha análise, tanto o profesorado como o alumnado, do proceso realizado e do valor do acadado así como o que se podería mellorar; a outra é o pouso que a longo prazo queda en cada un de nós, ver cómo as experiencias compartidas teñen cambiado e enriquecido a nosa capacidade de percepción e análise das realidades múltiples que nos rodean.

A resposta máis gratificante se da cando son elas e eles mesmos os que plantexan visións de temas sobre os que antes non reflexionaran.

Esta avaliación non é numérica, non se corresponde a unha nota (aínda que traballos e proxectos teñan unha calificación reflectida na avaliación) xa que transcende máis aló, e esta característica fainos ver que os logros máis importantes serven para algo máis ca unha calificación, serven para o enriquecemento persoal.

▪ Impacto.

Durante o curso o blog do proxecto ten servido de medio de comunicación para ir contando o proceso dos proxectos. Agora mesmo hai algunhas entradas que aínda se atopan en proceso e outras que están previstas para Maio e Xuño. Será entón cando o proceso estea rematado.



Preténdese que a exposición final dos traballos se faga en diferentes espazos do propio Instituto e se visibilice por toda a comunidade educativa.

Tense pensado na posibilidade de facer unha xornada de portas abertas para amosar ós pais os traballos realizados.

- Valoración da práctica docente.



O método de traballo por proxectos require un cambio no plantexamento didáctico que non se pode pretender instalar de modo inmediato. Os seus efectos tanto no alumnado coma no profesorado son a longo prazo, principalmente nun profesorado que está acostumado a un método completamente diferente e que adoita ser reacio ós cambios, ós medios que non controlan. Por iso neste tipo de

experiencias non se lles pode esixir a cada un máis do que está disposto a dar, xa que o efecto sería contrario ó que se pretende. O proceso de introducción de traballos por proxectos pode ter dúas opcións: a introducción paulatina de pequenas experiencias que vaian contaxiando e animando a participar á comunidade educativa ou a creación dun grupo sólido e comprometido que se sinta identificado co método de traballo e sexa quen de organizarse para acadar uns resultados que de seguro serían multiplicadores. Neste último caso necesitaríanse introducir grupos de traballo estables cuns horarios que permitisen organizar reunións periódicas para analizar, organizar e avaliar os procesos, e grupos de alumnado que reciban unha formación continuada neste método.

- Liñas de mellora.



Unha mellora no traballo por proxectos necesita indiscutiblemente dunha formación do profesorado que convenza e anime a cambiar a metodoloxía clásica. Unha formación que incida nos aspectos prácticos e as melloras que produce.

Necesita tempo, espazo e medios para desenvolverse, e unha filosofía de traballo que incida na formación integral do individuo e abra fronteiras entre

materias, para o que de novo precisa unha reorganización dos tempos e unha coordinación do profesorado.

Os indicadores para a valoración dos logros deben ser múltiples, flexibles, cómodos e eficaces, e deben incidir por igual nos procesos e nos resultados. Destacar a evolución individual e grupal, e por suposto incluír a autoavaliación.

